WIKIPEDIA

Lingua livonia

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua livonia**[3] (*līvõ kēļ* ou *rāndakēļ*) é unha lingua moribunda pertencente á rama finesa das linguas ugrofinesas, cuxo último falante nativo morreu en 2013.[1][4] Está emparentada co estoniano e é falada polos livonios, un grupo étnico ugrofinés asentado na costa livonia, ao norte da península de Curlandia (Letonia).

Livonio ***līvõ kēļ, rāndakēļ***	
Falado en:	Letonia
Rexións:	Livonia
Extinción:	2013[1]
Familia:	Urálica Ugrofinesa Finopérmica Báltico-finesa **Livonio**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Non é oficial. Recoñecida como lingua minoritaria en Letonia.[2]
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`fiu`
ISO 639-3:	`liv (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=liv)`

Índice

Historia

Viktors Bertholds (10 de xullo de 1921 - 8 de febreiro de 2009),[5][6] un dos últimos falantes de livonio da xeración que aprendeu o idioma como lingua nai nunha familia e comunidade de fala livonia, morreu o 28 de febreiro de 2009. Aínda que se informou de que el era o derradeiro falante nativo da lingua livonia, os propios livonios afirmaron que hai máis falantes nativos aínda vivos, aínda que moi poucos.[7]

Como se informou no xornal estoniano *Eesti Päevaleht*,[8] Viktors Bertholds naceu en 1921 e probablemente pertenceu á última xeración de nenos que comezaron a estudar na escola primaria en lingua letoa sendo monolingües en livonio; só uns poucos anos despois sinalouse que os pais livonios comezaron a falar en letón cos seus fillos. Durante a Segunda Guerra Mundial, Bertholds, ao contrario que a maior parte dos homes livonios, logrou evitar ser movilizado polos exércitos de ocupación escondéndose no bosque. Despois



da guerra, Bertholds traballou en varias profesións e compartiu o seu coñecemento da lingua livonia con moitos lingüistas; na década de 1990, tamén ensinou livonio en campamentos de verán para nenos.

O irmán de Bertholds, que tamén falaba livonio, e a súa muller morreron na década de 1990. A principios dos anos 2000, moitos outros "últimos livonios" prominentes morreron tamén, como Poulin Klavin (1918–2001), gardián de moitas tradicións livonias e o derradeiro livonio que residiu de xeito permanente na costa de Curlandia, e Edgar Vaalgamaa (1912–2003), clérigo en Finlandia, tradutor do Novo Testamento e autor dun libro sobre a historia e a cultura do pobo livonio (*Valkoisen hiekan kansa*, Jyväskylä, 2001).

Supostamente o último falante nativo de livonio foi Grizelda Kristiņa, nada Bertholds, 1910–2013, dende 1947 residente no Canadá. De acordo con Valts Ernštreits, ela falou livonio "como se ela tivera saído da súa granxa nunha vila costeira livonia onte".[9] Ela era tamén membro da familia Bertholds e foi considerada como a última persoa viva falante nativa de livonio da súa xeración.[10]

En 2011 había menos de 250 livonios en Letonia, e a última persoa que falaba livonio como lingua nai, Grizelda Kristina, morreu o 2 de xuño de 2013 no Canadá aos 103 anos,[11] co que o livonio pasou a considerarse unha lingua extinta malia ser ensinado nas universidades dos países bálticos. A asimilación por parte dos rusos e os letóns, unida á diáspora do pobo livonio contribuíron a esta case extinción da lingua.[12]

Variedades dialectais

A lingua livonia está dividida en dous dialectos:[13]

- Livonio oriental (Vidzeme)
- Livonio occidental (Kurzeme, Raandalist)

Porén o dialecto oriental non conta na actualidade con falantes.

Alfabeto

O alfabeto livonio ten 45 letras:[14][15]

a A, ā Ā, ä Ä, ǟ Ǟ, b B, d D, ḑ Ḑ, e E, ē Ē, f F, g G, h H, i I, ī Ī, j J, k K, l L, ļ Ļ, m M, n N, ņ Ņ, o O, ō Ō, ȯ Ȯ, ȱ Ȱ, (ö Ö), (ȫ Ȫ), õ Õ, ȭ Ȭ, p P, r R, ŗ Ŗ, s S, š Š, t T, ț Ț, u U, ū Ū, v V, (y Y), (ȳ Ȳ), z Z, ž Ž

Vocabulario común

Número	Linguas finobálticas				Proto-Fino-úgrio
	Livonio	Finés	Estoniano	Vótico	
1	ikš	yksi gen. yhden, part. yhtä	üks gen. ühe, part. üht(e)	ütś	*ükte
2	kakš	kaksi gen. kahden, part. kahta	kaks gen. kahe, part. kaht(e)	katś	*kakta
3	kuolm	kolme	kolm	kolm	*kolme
4	nēļa	neljä	neli	nelli	
5	vīž	viisi	viis	viiś	*viite
6	kūž	kuusi	kuus	kuuś	*kuute
7	seis	seitsemän	seitse	säidse	N/A
8	kōdõks	kahdeksan	kaheksa	katõsa	N/A
9	īdõks	yhdeksän	üheksa	ütesä	N/A
10	kim	kymmenen	kümme	kümme	*luke

Notas

1. David Charter (5 de xuño de 2013). The Times, ed. "Death of a language: last ever speaker of Livonian passes away aged 103". Consultado o 8 de setembro de 2014.
2. Keeping Livonian - Latvia's Lesser Known Language - Alive, 17.06.2007 (http://www.dw.de/keeping-livonian-latvias-lesser-known-language-alive/a-2610591) at dw.de
3. "Entrada livonio en Digalego". Arquivado dende o orixinal o 07 de febreiro de 2018. Consultado o 06 de febreiro de 2018.
4. GeoCurrents, ed. (11 de xuño de 2013). "Obituary: Last Native Speaker of the Livonian Language Died Age 103" *(en inglés)*. Consultado o 9 de setembro de 2014.
5. "Foto de V. Bertholds". Arquivado dende o orixinal o 22 de febreiro de 2012. Consultado o 10 de setembro de 2014.
6. Laakso, Johanna. Tangyra, ed. "The last Livonian is dead" *(en inglés)*. Arquivado dende o orixinal o 15 de abril de 2009. Consultado o 10 de setembro de 2014.
7. Baltic Course, ed. (6 de xuño de 2013). "Latvia's tiny Livonian minority struggles to keep its language alive" *(en inglés)*. Consultado o 10 de setembro de 2014.
8. Eesti Päevaleht, ed. (4 de marzo de 2009). "Suri viimane vanema põlve emakeelne liivlane" *(en estoniano)*. Arquivado dende o orixinal o 20 de xullo de 2011. Consultado o 10 de setembro de 2014.
9. Raimu Hanson (9 de decembro de 2011). Postimees, ed. "Teadusdoktor käib mööda liivi radu" *(en estoniano)*. Consultado o 10 de setembro de 2014.
10. Tapio Mäkeläinen (19 de marzo de 2010). FennoUgria, ed. "Maailma viimane emakeelne liivlane sai 100-aastaseks" *(en estoniano)*. Consultado o 10 de setembro de 2014.
11. David Charter (5 de xuño de 2013). *The Times*, ed. "Death of a language: last ever speaker of Livonian passes away aged 103" *(en inglés)*. Consultado o 10 de setembro de 2014.
12. Le nouvel observateur, ed. (1 de xaneiro de 2014). "Dix choses que vous ignorez (sans doute) sur la Lettonie, désormais dans l'euro" *(en francés)*. Consultado o 9 de setembro de 2014.
13. Ethnologue (ed.). "Liv" *(en inglés)*. Consultado o 9 de setembro de 2014.
14. Michael Everson (12 de novembro de 2001). evertype.com, ed. "The Alphabets of Europe. Livonian. līvõ kēļ" (PDF) *(en inglés)*. Arquivado dende o orixinal (PDF) o 25 de xuño de 2015. Consultado o 9 de setembro de 2014.

15. Šuvcāne, Valda; Ernštreite, Ieva (2005). Eraksti, ed. *Latvian-Livonian-English Phrase Book (en Livonio e letón e inglés)*. p. 68. ISBN 9984-771-74-1.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- livones.net (https://web.archive.org/web/20140911010649/http://www.livones.lv/libiesi?lang=liv)